

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

5816 *Real decreto 239/2019, do 5 de abril, polo que se establecen as condicións para o desenvolvemento da actividade de pesca-turismo.*

O Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE, ten entre os seus obxectivos garantir que as actividades da pesca e a acuicultura contribúan á sustentabilidade ambiental, económica e social a longo prazo.

Unha das formas de contribuír a esta sustentabilidade é a introdución de medidas de diversificación. A diversificación pesqueira e acuícola nas súas diferentes vertentes supón novas fontes de ingresos para o sector pesqueiro. Neste ámbito, o turismo pesqueiro ou mariñeiro adquire un gran potencial e xorden novas oportunidades laborais en relación co mar, pero que converxen tamén con outros sectores, particularmente a pesca-turismo.

Os cambios introducidos pola Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, supuxeron a inclusión dun novo capítulo VI no seu título II, sobre medidas de diversificación pesqueira e acuícola, que fai referencia á coordinación e ao fomento da diversificación económica do sector pesqueiro e acuícola e, especialmente, ás condicións da pesca-turismo. Así, no seu preámbulo indicábase que, tendo en conta o alcance significativo que poidan cobrar e o seu indubidable impacto na sustentabilidade do recurso, resulta imprescindible reforzar e completar a regulación de actividades como a pesca-turismo, de forma que se asegure unha xestión sustentable e coherente dos recursos mariños vivos en todos os seus ámbitos.

Neste sentido, o daquela Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente elaborou o Plan estratéxico de diversificación pesqueira e acuícola 2013-2020 (Plan Diverpes), que estableceu as liñas estratéxicas nas principais áreas de diversificación. Neste contexto, as iniciativas turísticas vinculadas directamente coa actividade pesqueira fórmulanse como interesantes alternativas de diversificación para as zonas litorais dependentes da pesca.

A actividade de pesca-turismo sinálase no dito instrumento como unha forma innovadora de diversificación da actividade pesqueira para os pescadores profesionais que, ademais de achegaren unha mellora nas súas rendas, serve tamén para a promoción e a valorización do seu traballo. De forma específica, a prioridade 2 do eixe 1 do Plan Diverpes establece a elaboración dun marco normativo para as actividades turísticas no contorno pesqueiro, ao cal este real decreto dá cumprimento.

Esta actividade débese desenvolver de conformidade cunhas medidas que lles proporcionen a adecuada seguridade a aquelas persoas que desexen observar a práctica habitual dos traballos de pesca e que, en xeral, son alleas ao mundo pesqueiro.

Así mesmo, débese ter en conta que a incorporación a bordo de persoas que non formen parte da tripulación non se fai en calidade de pasaxe senón de meros turistas, polo que non se introduce unha especialidade do contrato de pasaxe senón que se crea unha figura nova, a do turismo pesqueiro ou mariñeiro, ao abeiro da Lei 3/2001, do 16 de marzo, entre cuxas actividades asociadas se encontra a de pesca-turismo, que polas súas condicións particulares require dunha regulación específica.

A actividade de pesca-turismo, tendo en conta o alcance significativo e o seu indubidable impacto na sustentabilidade dos recursos pesqueiros, require dun desenvolvemento normativo sobre medidas específicas, dirixido a garantir a posta en

práctica desta actividade, así como o seu control e seguimento conforme a normativa estatal e autonómica, todo isto no marco da planificación xeral da actividade económica.

Esta norma dítase ao abeiro do artigo 149.1 na súa regra 13.^a conxuntamente coa 20.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, así como en mariña mercante e abandeiramento de buques, respectivamente.

A existencia dun especial control enfocado a estas cuestións fundaméntase nas imperiosas razóns de seguridade da navegación e de control extractivo do recurso que diferencian este subsector doutros relacionados coa actividade turística. O control e a coordinación levaranos a cabo os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento, sen prexuízo das competencias que puideren concorrer das comunidades autónomas. En caso de que, adicionalmente á actuación dos ministerios mencionados, a comunidade autónoma onde radique o porto base prevexa a expedición dun título habilitante para o acceso á actividade, a dita exigencia respectará en todo caso o establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e, en particular, nos seus artigos 17 e 7 sobre instrumentación do principio de necesidade e proporcionalidade e simplificación de cargas.

Débase indicar que este real decreto se aplica preferentemente, dada a súa especialidade, dun modo complementario á Orde do 26 de xaneiro de 1988 pola que se regula o embarque nos buques de persoal alleo á tripulación e á pasaxe, pois opera como unha norma especial por razón de materia con respecto da xeral. Ademais, a Orde do 18 de xaneiro de 2000 pola que se aproba o Regulamento sobre despacho de buques xa contén algunhas normas de carácter xeral que este real decreto vén complementar, por idénticos motivos.

Finalmente, débese precisar que, sen prexuízo dos requisitos que se deben cumprir para o exercicio da actividade pesqueira, os profesionais do sector deberán dispor dun seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros, para faceren fronte a riscos que puideren derivar do embarque de turistas, e que, unicamente para estes efectos, se aplica o disposto no Real decreto 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscripción obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas, nos termos establecidos neste real decreto ou as que, de ser o caso, poidan establecer as comunidades autónomas, que non poderán ser inferiores aos anteriores.

Este real decreto dítase en virtude da facultade conferida ao Goberno pola disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, aos principios de necesidade e eficiencia, xa que se trata do instrumento máis adecuado para desenvolver regulamentariamente o preceptuado no artigo 74 ter da Lei 3/2001, do 26 de marzo, ao aplicarse dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecua ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adécuase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias e cohonestando tal proceder asemade co correcto desenvolvemento normativo desta actividade.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e o sector afectado.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular, como actividade complementaria do sector pesqueiro, as condicións básicas para o desenvolvemento da actividade de pesca-turismo respecto da actividade extractiva e a acuicultura exercida a bordo de buques pesqueiros.

2. As disposicións contidas neste real decreto enténdense sen prexuízo do cumprimento da normativa e das autorizacións e licenzas exixidas polas administracións competentes.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos previstos neste real decreto enténdese por buque pesqueiro tanto as embarcacións e os buques de pesca profesional incluídos na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, como as embarcacións auxiliares de pesca, incluídas na lista cuarta do dito rexistro, de conformidade co artigo 4.1, alíneas c) e d), respectivamente, do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

2. Serán de aplicación, para efectos do presente real decreto, as definicións recollidas no artigo 2 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Artigo 3. *Réxime xurídico dos turistas e presunción de embarque.*

1. Os turistas que participen nas actividades de pesca-turismo rexeranse polas disposicións aplicables ao persoal alleo á tripulación e á pasaxe, e ao seu enrolamento, coas especialidades previstas neste real decreto.

En todo caso, os turistas embarcados a bordo dun buque pesqueiro non poderán exercer a actividade pesqueira.

2. Presumirase, salvo proba en contrario, que as persoas embarcadas nun buque pesqueiro que non formen parte da súa tripulación están participando nunha actividade de pesca-turismo e, en consecuencia, deberase cumprir cos requisitos de seguridade previstos neste real decreto.

3. O patrón deberá anotar no rol de despacho e dotación e comunicar á capitanía marítima correspondente, utilizando medios telemáticos, o nome, os apelidos, o DNI ou pasaporte e o teléfono dun punto de contacto de cada un dos turistas embarcados. Ademais, deberá manter un rexistro en terra destes mentres dure a actividade.

Artigo 4. *Requisitos de acceso ao exercicio da actividade de pesca-turismo.*

1. Para o exercicio da actividade de pesca-turismo, o buque pesqueiro deberá contar co informe previo favorable do Ministerio de Fomento relativo ás condicións de seguridade marítima, da navegación, da vida humana no mar e da prevención da contaminación, e dispor do seguro de responsabilidade civil en vigor ou doutra garantía financeira equivalente a que se refire o artigo 7, así como cumprir as exixencias previstas na lexislación correspondente para os operadores legalmente establecidos en territorio español.

2. O informe favorable do Ministerio de Fomento expedirao, por solicitude do armador do buque, a capitanía marítima correspondente ao lugar onde radique o porto base do buque pesqueiro e realízase por medios electrónicos cando se trate dun dos suxeitos obrigados a iso, conforme o previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Cando se trate de persoas físicas, poderase presentar en calquera dos lugares a que se refire o artigo 16.4 da dita lei.

O informe será favorable cando se cumpran as condicións de seguridade e habitabilidade para desenvolver a pesca-turismo establecidas no artigo 6 e emitírase

no prazo máximo de dous meses, que se deberá contar desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico do dito ministerio, conforme o previsto no artigo 21.3. b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Se, unha vez emitido o informe favorable, se modifica algunha das condicións de seguridade e habitabilidade, o armador do buque deberá solicitar un novo informe.

3. Antes de emitir o seu informe, o Ministerio de Fomento verificará da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que o buque está inscrito e dado de alta no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

4. As capitanías marítimas comunicarán os informes favorables relativos á actividade de pesca-turismo á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que os comunicará á autoridade pesqueira competente da comunidade autónoma onde radique o porto base do buque. Así mesmo, as capitanías notificarán o informe, xa sexa favorable ou desfavorable, ao interesado.

Sen prexuízo da obrigación de emitir o dito informe, o vencemento do prazo de dous meses sen se ter notificado lexitima o interesado para entendela desestimado por silencio administrativo, en virtude do previsto na disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En virtude do artigo 112 da dita lei, contra o dito informe, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada nos termos e prazos do artigo 121 da lei ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

5. Unha vez obtido o informe favorable da capitanía marítima e cando así estea previsto na normativa da comunidade autónoma onde radique o porto base do buque pesqueiro, será necesario contar con título habilitante para o acceso á actividade de pesca-turismo, cuxa exigencia respectará, en todo caso, o establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e, en particular, no seu artigo 17 sobre instrumentación do principio de necesidade e proporcionalidade. Só a obtención do informe favorable e, de ser o caso, do título habilitante permitirá operar en pesca-turismo en todos os caladoiros nacionais en que o buque estea autorizado a faenar.

As comunidades autónomas notificarán á Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cantos títulos concedan no mesmo acto que ao interesado. A Administración pesqueira competente procederá á súa inscrición no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

Artigo 5. *Condicións de complementariedade e compatibilidade coa actividade pesqueira.*

1. A realización da actividade de pesca-turismo será compatible coa actividade pesqueira para a que o buque estea autorizado e levarase a cabo de acordo coas condicións establecidas na normativa aplicable, en canto ás épocas, horarios, límites de capturas, artes de pesca, vedas, zonas autorizadas e calquera outra condición para o seu exercicio, incluídas as titulacións necesarias para o seu exercicio.

En todo caso, a actividade de pesca-turismo só se poderá desenvolver en augas de caladoiro nacional e de acordo coas condicións concretas establecidas para o exercicio da actividade principal, en particular en canto aos seus períodos.

2. Deberase indicar expresamente no rol de despacho que o buque foi despachado para a actividade de pesca-turismo, ademais de para a actividade pesqueira para a cal estea autorizado.

3. As administracións pesqueiras competentes poderán facilitar a formación adecuada do sector pesqueiro para o desenvolvemento de actividades de pesca-turismo.

4. A comunidade autónoma poderá regular a exhibición en lugar visible, ben no buque ben en instalacións ou dependencias correspondentes, dun logo ou outro método identificativo da actividade de pesca-turismo.

Artigo 6. *Condicións de seguridade e habitabilidade para desenvolver a pesca-turismo.*

1. Para a realización de actividades de pesca-turismo, ademais de contar cos medios que lles correspondan de acordo coa súa clase e zona de navegación, deberanse cumprir as seguintes condicións de seguridade e habitabilidade:

a) O buque disporá de medios de acceso seguros para os turistas, incluídas, de ser o caso, as persoas con discapacidade. O embarque e desembarque realizarase en todo caso nos portos onde o buque vaia exercer a súa actividade extractiva principal.

b) Os buques disporán dos elementos de salvamento e seguridade en número e tipo suficientes para todas as persoas que embarquen.

En particular, para cada un dos turistas que o buque poida embarcar disporase dun chaleco salvavidas para abandono de buque, correspondente á idade da persoa, excepto en buques de eslora (L) igual ou menor de 12 metros, en que o turista pode levar unicamente o chaleco de inflado automático, así como dunha praza en balsa salvavidas.

Así mesmo, disporán de chalecos de respecto para abandono de buque a razón dun por cada seis persoas, incluídos os tripulantes.

Mentres permanezan sobre cuberta, os turistas deberán levar posto un chaleco ou dispositivo salvavidas de inflado automático, distinto do chaleco para abandono de buque, que, sen entorpecer os seus movementos, sexa apto para mantelos a flote en caso de caída á auga. Estes chalecos salvavidas levarán incorporada unha radiobaliza persoal que funcione na frecuencia de 121.5 MHz, que se activará automaticamente en caso de caída da persoa á auga.

De ser necesaria a incorporación dunha balsa para exercer a actividade de pesca-turismo e esta ser a única balsa a bordo, cumprirá, como mínimo, con normas técnicas internacionais recoñecidas, tales como familia ISO. Se a balsa incorporada for adicional a outra balsa xa existente, a balsa adicional cumprirá as mesmas prescricións que a balsa existente.

c) A caixa de urxencias de a bordo destinada á tripulación deberá ser a adecuada ao tipo de navegación que realice o buque de acordo co Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar. Ademais, deberán contar cunha caixa de urxencias tipo balsas de salvamento, segundo o prescrito no Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, para cubrir as necesidades de asistencia sanitaria que poida precisar o resto de persoas que embarquen.

d) Habilitaranse espazos a bordo, adaptados para persoas con discapacidade, de ser o caso, nos cales os turistas se encontren libres de perigo e prohibirse o acceso a determinadas zonas do buque durante as manobras que entrañen risco. Eses espazos estarán adecuadamente delimitados, o piso debe ser antiesvaradío para evitar caídas e deberán estar provistos de asas onde se poidan suxeitar os turistas. Se a actividade de pesca-turismo se prolonga durante máis de 16 horas, o buque deberá dispor de habitabilidade adecuada para tal fin, e este feito será verificado pola capitanía marítima.

En todo caso, estará prohibido o acceso dos turistas aos postos de control, espazos de servizo, espazos de máquinas e determinadas zonas do buque durante as manobras que entrañen risco. Os elementos rotatorios e quentes deberán estar debidamente protexidos e fóra do alcance do turista.

O manexo das artes de pesca e dos elementos auxiliares realizarase tendo en conta en todo momento a presenza a bordo de persoas non familiarizadas coa actividade pesqueira.

e) Revisarase a tripulación mínima de seguridade, que nunca será inferior a dous tripulantes, e o cadro de obrigacións e instrucións para casos de emerxencia, tendo en conta que polo menos un dos tripulantes debe atender as necesidades dos turistas neses casos. Se o buque non ten cadro de obrigacións e instrucións para casos de emerxencia, deberá solicitalo e dispor del antes de realizar a actividade de pesca-turismo.

f) Con antelación á desatracada proporcionaráselles por escrito aos turistas toda a información sobre o buque, unhas recomendacións sobre as medidas de seguridade que

hai que cumprir e explicaráselles as condicións en que se realizará a actividade de acordo co Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca. A información deberá estar, polo menos, en inglés e español; así mesmo, o patrón asegurase de que os turistas comprenden o contido da dita información.

g) O patrón do buque responsabilizase de que tanto as condicións meteorolóxicas coma as operativas do buque sexan as adecuadas para a realización da actividade, para o cal se deberá contar coa predición meteorolóxica, subministrada pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) mediante os boletíns de mar a fóra e boletíns costeiros, das zonas onde se pretende efectuar a actividade de pesca-turismo sen risco.

h) Con independencia das limitacións que impoñan os certificados do buque, a súa condición construtiva, as condicións operativas e os elementos de seguridade e salvamento, o número máximo de turistas permitidos será de:

- 1.º Para buques de ata 8 metros de eslora (L), 2 turistas.
- 2.º Para buques de máis de 8 metros e ata 12 metros de eslora (L), 4 turistas.
- 3.º Para buques de máis de 12 metros e ata 20 metros de eslora (L), 8 turistas.
- 4.º Para buques de máis de 20 metros de eslora (L), 12 turistas.

No caso de que a actividade de pesca-turismo se leve a cabo mediante o uso de buques auxiliares de pesca inscritos na lista cuarta que, sen realizaren pesca extractiva, acompañen os buques durante parte da faena, o número máximo de turistas permitidos, tendo en conta as mesmas limitacións que no caso anterior, será:

- 1.º Para buques ata 8 metros de eslora (L), 4 turistas.
- 2.º Para buques de máis de 8 metros e ata 12 metros de eslora (L), 8 turistas.
- 3.º Para buques de máis de 12 metros de eslora (L), 12 turistas.

2. Deberase dispor en todo momento no buque, a ser posible nun lugar visible, un documento que recolla o contido deste artigo. Este documento, expedido pola capitanía marítima, perderá a súa validez cando calquera das condicións de seguridade e habitabilidade requiridas se altere. Ademais, no certificado de conformidade do buque anotarase que este dispón do informe favorable da capitanía marítima.

3. O patrón do buque responsabilizase das condicións de seguridade en que se realice o embarque de turistas. Non admitirá o embarque de menores sen a autorización por escrito de pais ou tutores, cando non vaian acompañados por estes, nin de persoas que requiran asistencia especial en condicións que non sexan compatibles coa práctica segura da actividade.

Ademais, requirirase a presentación do DNI ou pasaporte válido das persoas que vaian embarcar, de conformidade coa normativa reguladora do despacho de buques.

4. Os turistas, unha vez embarcados, quedarán sometidos ás normas de seguridade, disciplina e boa orde baixo a autoridade do patrón ou capitán do buque.

5. Non poderá realizar a actividade de pesca-turismo ningún buque que teña concedida calquera exención relativa ao cumprimento de certas medidas técnicas en relación co buque, xa sexa de balsas salvavidas, traxes de inmersión ou de varandas.

Artigo 7. Seguro obligatorio.

Para o exercicio da actividade de pesca-turismo, será obrigatorio dispor dun seguro de responsabilidade civil ou, de ser o caso, garantía financeira equivalente en vigor, que cubra os danos persoais de todos os turistas derivados do dito exercicio nas contías previstas, de ser o caso, pola comunidade autónoma, en cumprimento do exixido polo artigo 74 ter da Lei 3/2001, do 26 de marzo. Estas contías do seguro ou da garantía financeira non poderán ser inferiores ás previstas no Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscripción obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas, aprobado polo Real decreto 607/1999, do 16 de abril. En caso de que a comunidade autónoma non fixe esa contía mínima, será a prevista na dita norma.

No caso de que a actividade de pesca-turismo se exerza mediante a subscripción dun seguro de responsabilidade civil, deberase ter en conta o establecido na disposición adicional segunda da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, de modo que quen exerza a actividade de pesca-turismo subscriba un seguro que cubra os danos e perdas que poida provocar. A garantía exixida deberá ser proporcionada á natureza e ao alcance do risco cuberto.

Artigo 8. *Condicións de comercialización dos produtos pesqueiros obtidos.*

As condicións de comercialización dos produtos pesqueiros obtidos no desenvolvemento da actividade de pesca-turismo serán as previstas no artigo 4.7 do Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

As comunidades autónomas determinarán as cantidades e os importes máximos dos produtos adquiridos nesta modalidade e queda prohibida a venda de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos. Na falta de regulación autonómica, entenderase que a autorización de venda poderá acadar a totalidade das capturas adquiridas durante a marea, con excepción das prohibicións sinaladas anteriormente.

Artigo 9. *Seguimento e control da actividade de pesca-turismo.*

1. Corresponde ás administracións pesqueiras competentes o seguimento e control da actividade de pesca-turismo e ao Ministerio de Fomento, no ámbito das súas competencias, o seguimento e control das condicións de seguridade e habitabilidade para desenvolver a pesca-turismo a que se refire o artigo 6. O incumprimento nestes ámbitos sancionárase conforme o sinalado no artigo 13.

2. As comunidades autónomas levarán un rexistro de carácter declarativo dos buques que leven a cabo actividade de pesca-turismo e trasladarán á Secretaría Xeral de Pesca e ao Instituto Social da Mariña, ao finalizar o ano natural, unha memoria anual en que se valorará a actividade de pesca-turismo nos buques que teñan porto base nos seus territorios e que deberá conter, polo menos, unha descrición dos seguintes aspectos:

- a) Número de saídas de pesca-turismo por buque.
- b) Número de turistas embarcados.
- c) Ingresos obtidos pola actividade de turismo.

3. Sen prexuízo das obrigacións en materia turística e do sometemento ao réxime de control vixente, a actividade de pesca-turismo vinculada á actividade pesqueira será sometida ás medidas de control establecidas en materia de despacho e, en concreto, á normativa sobre o embarque do persoal alleo á tripulación, así como á vinculada cos requisitos sobre formación en seguridade marítima do persoal embarcado. Así mesmo, será sometida ás medidas de control establecidas ao respecto da actividade principal a que se vincula.

Artigo 10. *Obrigacións e responsabilidades en materia de ambiente.*

O disposto neste real decreto establécese sen prexuízo das obrigacións de protección do ambiente mariño establecidas na Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño e demais normas aplicables á protección das augas mariñas.

Artigo 11. *Réxime fiscal das actividades de pesca-turismo.*

Os beneficios obtidos con ocasión das actividades de pesca-turismo imputaranse ao réxime xeral de tributación que proceda pola actividade pesqueira principal a que complementa.

Artigo 12. *Protección social das persoas traballadoras dedicadas á actividade de pesca-turismo.*

1. As actividades de pesca-turismo serán realizadas, en todo caso, por profesionais do sector pesqueiro encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

2. O Instituto Social da Mariña, sobre a base das memorias anuais a que se refire o artigo 9.2, correspondentes a dous anos consecutivos, realizará os estudos pertinentes que permitan avaliar sea procede incluír os traballadores dedicados a estas actividades no grupo primeiro de cotización a que se refire o artigo 10.1.a) da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

Para garantir o bo termo do estudo referido no parágrafo anterior, tanto a Secretaría Xeral de Pesca coma as comunidades autónomas prestarán a colaboración necesaria ao Instituto Social da Mariña.

3. O Instituto Social da Mariña reserva para si as competencias que lle atribúe a Lei 47/2015, do 21 de outubro, en materia de formación profesional marítima e sanitaria dirixida a atender as demandas e necesidades formativas dos traballadores do sector marítimo-pesqueiro.

4. O Instituto Social da Mariña, a Secretaría Xeral de Pesca e a Dirección Xeral de Mariña Mercante ditarán, no marco das súas respectivas competencias, as instrucións que procedan para o adecuado seguimento e control dos buques, tripulacións e períodos de desenvolvemento das actividades de pesca-turismo.

Artigo 13. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do preceptuado neste real decreto sancionárase de conformidade co previsto polo título IV do libro terceiro do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, e co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, sen prexuízo do disposto na normativa autonómica.

Disposición adicional primeira. *Cooperación administrativa.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca; o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, a través do Instituto Social da Mariña, e o Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral de Mariña Mercante, cooperarán nesta materia coas comunidades autónomas, especialmente en materia de difusión e publicidade da actividade, e estas serán as competentes para a regulación complementaria da actividade de pesca-turismo desenvolvida polos buques cuxo porto base radique nos seus territorios.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias dos departamentos afectados pola presente norma e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Informes previamente emitidos polas capitanías marítimas.*

Os informes que, en cumprimento da normativa sobre pesca-turismo das comunidades autónomas, tivesen sido expedidos coa data de entrada en vigor desta norma polas capitanías marítimas como condición previa para o acceso ao exercicio da actividade de pesca-turismo, deberán expedirse de novo de acordo coas previsións deste real decreto, no prazo de seis meses contados a partir da súa entrada en vigor, por solicitude dos interesados.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta norma dítase conxuntamente en virtude do artigo 149.1 nas súas regras 13.^a e 20.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, así como en mariña mercante e abandeiramento de buques, salvo o artigo 4, números 1, 2 e 3, e o artigo 6, que se ditan unicamente en virtude da competencia exclusiva do Estado en mariña mercante e abandeiramento de buques prevista no artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 15 de maio de 2019.

Dado en Madrid o 5 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO